



INAKI OSORIO

PURA VÁZQUEZ, O AMOR COMO LEMBRANZA

Gústalle as homenaxes, como a tributada o pasado martes no Líceo Recreo Ourensá. Pensa que son moi gratos e agradables, pero non se sente afeita a eles, polo que supón de enfrontamento cara ó público, e eso pona moi nervosa. Pura Vázquez vive estes días o recoñecemento a medio século de actividade poética “en serio”, porque empezou a escribir hai moito tempo, 60 anos. Foi na revista La Zarpa, en 1934.

SÍNTESE BEN COAS HOMENAXES

Moi bos tempos para a lírica ourensá na época da crise

LOIS CASTRO

OURENSE

Pura Vázquez leva medio século cantando o amor. O amor de xuventude, o amor serodio, perdido, reencontrado. O amor é o cerne desta poetisa ourensá que, ó fin, ve recoñecido o seu labor creativo despois de moitos anos. “Escribo aínda agora do amor, pero o amor en pasado, xa que o amor en presente non sería comprensible”, comenta Pura cando se lle pregunta pola súa temática preferida. ¿E por qué non amor en presente, Pura?. O amor non ten fronteiras temporais, e posiblemente haxa algún amor nas tempas da tua vida, perdido e recobrado, platónico, compañeira, oscuro das longas tardes de chuvia do inverno ourensán.

Treinta e dos libros publicdos, catro máis aínda inéditos e algún que outro en editoriais (“non seis se verán a luz algún día”) é un balance bo, como para que Pura Vázquez se sinta satisfeita destes máis de cincuenta anos de traballo poético. Sesenta, se temos en conta que a súa primeira pu-

blicación tivo lugar no ano 1934, na revista La Zarpa. Setenta e sete anos no corazón, setenta e sete anos en boas condición físicas (“non en enmellorables condicións”), pero en plena lucidez artística.

Non lembra xa o seu primeiro poema, pero lembra que cursaba o segundo curso de bacharelato cando publicou en La Zarpa o primeiro poema, non sabemos cal, pero case seguro de amor. Eran os primeiros escarceos dun corazón grande, noble, creativo, xeneroso.

A poesía como vocación e como quefacer fundamental da vida. So unha hora de traballo o día, cando llo permite a soedade, cando a súa irmá Dora, tamén poeta, se deita a descansa-la siesta. Pura escribe a máquina, porque a súa artrite non lle permite facelo a man, alomenos tanto como ela quixera. A forma, é o que máis lle preocupa nestes momentos a Pura Vázquez. Quedan lonxe aqueles precipitados poemas de xuventude. Reflexiona, relé, corrixe. Antes, cando era máis nova, os poemas eran como un torrente que saía das tempas e pasaba directamente ao papel e á imprenta.